



Carlos Martínez-Buján Pérez (Agosto de 2003)

Queridos monfortinos:

Hai máis anos dos que quixera, inda que menos do que me fai ve-la morriña, eu vivía en Monforte, cidade na que nacín e na que me criei, na que tamén naceran e viviran meus pais e meus avós, e á que por moitos motivos sigo estreitamente vencellado.

Velaí que, cando a miña parente M^á Xosé Veiga Buxán me transmitiu o desexo da Corporación municipal de que fose eu quen lese este ano o pregón das festas patronais, o meu primeiro sentimento fose de lexítimo orgullo.

Nembargantes, cando o corazón deixou algún buratiño á razón, esa primeira sensación deixou paso a outra diferente: a sensación de sorpresa porque realmente eu non encaixaba no perfil que, ao meu modo de ver, tiña que posuír un pregoeiro festivo.

Non son eu un literato de verba florida pra narrar coma se merece as moitas excelencias da nosa cidade, nin teño especiais coñecementos históricos ou artísticos pra relatar os tesouros que encerra Monforte. Tampouco participara en O.T., nin pertencera ao mundo da farándula. Non era un persoeiro político nin formaba parte



de ningún poderoso holding empresarial, de tal xeito que a cambio da miña presenza o concello puidese obter algún beneficio taxible. En fin, nin sequera posuía o premio Planeta ou algunha medalla oficial que permitise dar algunha publicidade a estas festas.

Con todo, M^a Xosé deume unha explicación convincente: o perfil que desexaba a corporación era ante todo o de un monfortino que conservase a súas raíces e puidese compartir a súas vivencias persoais con tódolos asistentes.

Mais, antes de aceptar, asaltoume unha derradeira dúbida. ¿non me terían elixido "por recomendación"?, porque, aparte da vinculación parental con M^a Xosé, debo confesar outros lazos de afecto con membros da corporación.

Ben miradas as cousas esta mesma dúbida esvaeuse nun instante xa que, se en termos de estricta representación política, os concelleiros son o reflexo da comunidade de monfortinos, expresado a través do voto democrático, (logo) a miña vinculación afectiva con algúns deles significaba que por forza eu tiña tamén moitos amigos e familiares nesta vila, aos que podía relatar as miñas vivencias coa fin de evocar xuntos, durante uns minutos o que Monforte e as súas festas significan para



tódolos monfortinos.

Mais, ¿cómo transmitir en poucas palabras a paixón de monfortino?. Porque recoñezo que, ao botar a vista atrás e facer un rápido percorrido pola nenez e a adolescencia, sentín a emoción de vida intensamente vivida, a ubicuidade do neno e do mozo que se cría na rúa, e que foi feliz en contacto cos seus concidadás; sensación característica de todo monfortino.

Se cadra, nesa sensación inflaira o feito de que a infancia é sen dúbida un "tempo máximo", un tempo anterior ao pensamento lineal e aos prexuízos, cando percibíámolo universo cos sentidos exaltados dun demente i eramos libres pra crer o increíble i explorar mundos que despois, na época da razón, desapareceron.

Mais, o certo é que, practicamente dende que podía camiñar, ao neno monfortino da miña infancia xa lle estaba permitido xogar só na rúa; pero é que ademais de seguida empezaba a acadar novos espazos de xogo e de liberdade. Ao principio, como era no meu caso, nos estreitos límites do barrio dos Chaos, tendo por centro neuráxico a Praza do Piñeiro, lugar de reunión de grandes e cativos e dende onde víamos desfilar unha chea de personaxes populares, entre os que destacaba aquel famoso



repartidor de carbón chamado "O Cosco", moi amigo de tódolos nenos.

E pouco a pouco (como dicía) íamos ampliando o noso territorio: en dirección Leste e Sur, seguindo a ruta do canal do regadío; e en dirección Norte cara o barrio da Florida, ao redor do cal un podía deixar voar a súa imaxinación cos xogos máis variados, eso si, rexidos pola práctica do deporte rei en diversas leiras onde hoxe se levantan grandes e feas construcións, ou asistir engaiolados, por exemplo, ás inenarrables aventuras que nos relataba un famoso gardabarreiras do paso a nivel, que parecía saído da cova do Montesinos cervantino, cunhas historias que deixarían en ridículo ao personaxe que interpreta Tony Leblanc na serie televisiva "Cuéntame cómo pasó".

E ao pouco tempo ousabamos visitar barrios notablemente alonxados do noso, chegando mesmo á barriada da Estación, con tantas connotacións para un neno coma min que do que máis alardeaba era de ter un avó maquinista que dende ben pequeno me levaba no seu tren.

Pero a conquista máis excitante era perdernos no monte de San Vicente, onde pretendíamos emular aos heroes dos tebeos ou das películas de aventuras que víamos



no cine.

Desta etapa infantil a mellor lembranza é a das festas patronais. É certo que ao longo do ano había acontecementos festivos que entraban en tromba polos ávidos ollos dun rapaz de pobo. As festas de Nadal, coa culminación da chegada dos Reis Magos e a matanza do porco, eran unhas datas entrañables e inesquecibles. Como tamén o eran as festas do Antroido, presididas polo principio do despropósito, i o da vacación da espiritualidade e do decoro, cos seus bailes no Casino, no Círculo Victoria ou na Fraternal; unhas festas de gran tradición xa daquela, pese a considerárense pagás, e, xa que logo, anatematizadas (inda que toleradas) pola ortodoxia oficial e o clericalismo imperante.

Tal vez por iso a desmesura do Antroido víase compensada despois co fervor co que se vivían as datas da Semana Santa, nas que a meirande parte dos monfortinos participabamos en longas procesións, entre as que lembro a divertida procesión dos capuchinos que nacía nas Clarisas e que permitía a maxia de mirar o mundo a través de dous pequenos buratos, coa vantaxe engadida de non poder sermos recoñecidos, e enarborando como arma un enorme cirio que, aparte do indudable efecto teatral,



servía para esborrallar de cera intencionadamente o hábito de quen nos precedía; ou a durísima procesión de Nazareno, que partía de S. Vicente, e que consistía en dar unha volta a medio pobo en sandalías, cunha coroa de espíño e unha pesada cruz de madeira; non é estraño que nunha ocasión, sendo eu ben pequeno (e, por suposto inimputable a tódolos efectos canónicos, civís e criminaís), doído e esgotado por tales ingredientes da paixón de Xesús, deixase a cruz tirada nun portal e fose a comunicar á miña nai a decisión de deserción, o que, ¡nin qué dicir ten!, motivou unha severísima reprimenda.

Tamén había en Monforte outros acontecementos lúdicos. Érano, dende logo, as festas de tódolos barrios da vila, que se concentraban entre os meses de primavera e de principios de verao: así viamos desfilar as de S. Lázaro, as de S. Antonio, S. Xoán, S. Pedro e as festas do Carme. Mais sabíamos que todas elas non eran máis que o limiar das festas por antonomasia, as de agosto, durante as cales a vila transformábase de verdade dende tódolos ángulos. Cada familia recobraba os seus parentes que tiveran que emigrar a outros lugares de España ou mesmo do estranxeiro, e deste modo todos volvíamos a contar con numerosos curmás, amigos e



unha morea de visitantes, que ante os nosos ollos multiplicaban por dez (que era o número máis alto co que sabiamos operar mentalmente), multiplicaban por dez -diciá- o número de habitantes, de tal xeito que a cidade non parecía senón unha desas grandes urbes que viamos no cine.

E é que os rapaces nados nas décadas dos anos cincuenta e sesenta do pasado século viviamos estas festas como todo un acontecemento, no que disfrutabamos de atractivos que naturalmente éranos descoñecidos ó longo de todo o ano nun pobo no que había moi poucos televisores e mesmo poucos teléfonos.

Obviamente, isto non quere dicir que en Monforte non houbera unha notable actividade cultural e recreativa: podiamos acudir nas fines de semana a algún dos tres cines da cidade a ver as películas de estrea, e ocasionalmente, incluso, a algún espectáculo teatral, musical ou circense, líamos moito (todo canto caía nas nosas maos) e aprendiamos máis das longas conversacións cos nosos veciños e amigos, cara a cara, por suposto, sen a barreira deshumanizada das novas tecnoloxías. E todo iso sen esquecer a periódica visita sagrada cada 15 días ao estadio Luís Bodegas, onde o verdadeiramente importante non era o xogo en si, senón o resultado



(favorable ás nosas cores, enténdese), e con absoluta independencia de se ese resultado fora obtido en boa lide ou non.

Claro que os rapaces monfortinos tivemos a oportunidade de contar cun colexio coma a dos Escolapios. O importante dos Escolapios non era tanto a formación académica en sentido estricto senón a variada oferta cultural e deportiva que existía: alí dispoñíamos de medios impensables na meirande parte das escolas da época, como por exemplo, contar cun cine propio, ao que asistíamos tódolos sábados. Alí tivemos a oportunidade de facer os primeiros "pinitos" de teatro ou de tocar algún instrumento de pulso e púa na rondalla, á que eu me incorporei dende moi pequeno porque contaba xa co inestimable aval de ter aprendido a tocar a mandolina no obradoiro dun gran artesano e amigo da miña familia, Guillermo O Crego. Na rondalla chegamos a formar un grupo sobresaliente, e con moito mérito, posto que, comoqueira que non nos impartiran formación musical (algo imperdoable nun colexio daquela sona), tiñamos que aprender as muñeiras e os pasodobres de oído. E algúns que posuían un oído deficiente (e ¡tranquilos!, que non vou dar nomes) aprendían por cifra (ou sexa, por exemplo, a muñeira faragulla en mandolina era, comezando na segunda



corda, 4,5,0,2,0,5,4,5 e así sucesivamente).

Capítulo a parte merecía o coro, no que entoabamos un variado abano de pezas musicais, relixiosas todas elas (eso si), pero variadas ó fin e ó cabo, porque unha cousa era o traballo na misa diaria, outra a vertente das novenas ou as flores a María e outra, en fin, as panxoliñas de Nadal: inda hoxe lembro os arditos esforzos do mestre Docampo ao piano para lograr que os membros do coro tratásemos de parecer algo diferente a "un carro de bois" (que era a súa expresión favorita).

Mais, por riba de todo, lembro unha febril actividade deportiva que nos tiña verdadeiramente mallados: integrados nunha morea de equipos, cada semana tiñamos que disputar unha interminable lista de partidos, baixo a atenta e severa mirada dun pai prefecto (e prefiro non cualificar aquí a súa conducta), que dirixía o cotarro con mao de ferro e castigábanos cando perdíamos contra un equipo doutros colexios.

O peor daquel sistema educativo era unha temible reválida de cuarto curso (que outorgaba o título de bacharelato elemental) e na que quedaban inxustamente atrancados non poucos compañeiros de estudos. Inxustamente en termos históricos,



porque (coa perspectiva que me da o tempo e a miña visión de docente na actualidade) hei recoñecer que, aos seus 14 anos, aqueles compañeiros sabían falar e escribir con máis corrección que moitos dos alumnos que hoxe me chegan á Universidade no terceiro curso.

A decisión de face-lo bacharelato superior por letras motivou que tivese que trasladarme ao instituto de ensino medio, creado había pouco. Isto axudoume por un dobre motivo: en primeiro lugar porque, ao pasar a un Instituto mixto, os faldrós da sotanas tridentinas dos cregos foron substituídos polas saias das compañeiras de curso; e, en segundo lugar, porque tiveron a oportunidade de coñecer a novos compañeiros que na súa maioría proviñan das bisbarras de Monforte e incluso de concellos fronteirizos, o cal permitíume comprender mellor a realidade dunha Galicia algo máis profunda aínda que a nosa.

Ata entón, esa Galicia das aldeas de Terras de Lemos era vista cun certo aire de superioridade polos nenos que fomos criados na cidade i educados *manu militari* na lingua castelá.

Moito aprendín de todos aqueles compañeiros, a maior parte proviñentes de familias



humildes, que realizaban un notable sacrificio para que os seus fillos puidesen estudar.

Esa etapa da miña vida académica culminou cun curso de COU onde tivo lugar un fenómeno de auténtica "globalización" integradora monfortina, xa que alí conflairon vellos compañeiros dos Escolapios, as rapazas que viñan das monxas e mesmo unha colonia de estudantes de Chantada que se vían obrigados a cursar o COU en Monforte e que quedaron plenamente integrados dende o primeiro momento na calor da acollida que se lles dispensou.

Rematado o COU, comezou a etapa de estudante en Santiago. Foi unha etapa dura ó principio porque un monfortino que se prece de selo nota ese tremendo salto que supón deixar o seu hábitat natural e substituílo polo Santiago de principios dos anos setenta, a única cidade universitaria de Galicia. E, por certo, a carón desta vivencia, recordo que sendo xa profesor da Universidade compostelán, cando se empezaba a falar da necesidade de crear novas universidades en Galicia, un ilustre colega de Terras de Lemos, o catedrático de socioloxía Pepe Vilaríño, tentaba persuadirme de que os monfortinos deberíamos loitar por acadar para a nosa cidade o



que entón se denominaba un "colexio universitario", ou sexa, un ente académico que existía xa noutras cidades de Galicia, no que se podía cursar o primeiro ciclo dalgunhas carreiras e que á fin foi o xerme das futuras universidades da Coruña e Vigo.

A razón sociolóxica esgrimida por Vilaríño posuía unha base científica incontestable: o alumno de Terras de Lemos -diciá el- "pérdese polo camiño no grande salto que supón o seu traslado a Compostela, e isto é fonte dun inxusto fracaso escolar". De aí a conveniencia de crear un chanzo intermedio. Certo que a teima de Vilaríño era precisamente que ese colexio universitario monfortino puidese ser transformado ao final nunha futura universidade do interior de Galicia, que debería te-la súa sé na nosa cidade, como lugar equidistante de Lugo e Ourense. Visto o que sucedeu despois, coído que aquela non era unha idea tan utópica coma nun primeiro momento me parecía.

En Santiago -diciá- os monfortinos permaneciamos máis unidos se cabe do que estivéramos na nosa propia vila, amosando un novo exemplo de confraternización na emigración estudiantil. Compartiamos pensións, pisos e residencias universitarias con



outros monfortinos; compartiamos os intreos de ocio, entre os que lembro interminables partidas de mus nun bar situado na Praza Roxa, un bar totalmente colonizado por monfortinos.

E, certo é, aproveitabamos calquera ponte para regresar a Monforte a pasar us días coa familia e cos amigos da infancia. Dai que acollésemos con fonda satisfacción calquera peche das aulas, que era unha medida relativamente frecuente daquela, como resposta das autoridades políticas da época ás protestas estudiantís.

Contábamo-los días que faltaban para as vacaciós, en especial, as de verao. Precisamente a lembranza máis feliz que conservo daquel tempo é a do mes de agosto e, por suposto, a das festas patronais, ás que non faltei un só ano.

Agora comprendo á miña filla cando me di que prefire pasar este mes en Monforte antes que en calquera outro lugar do mundo. E comprendo a razón que argúe: malia non ter nacido nin vivido aquí, en ningún outro lugar foi tan ben acollida dende o primeiro momento, e non só por familiares e veciños senón por unha ampla pandilla de amigos monfortinos. É a característica pandilla sen a que non se pode entender Monforte, un verdadeiro exemplo de instancia de socialización primaria



(coma dirían os sociólogos), tan importante coma pode ser a familia ou a escola; unha instancia que vertebrou a nosa educación e que acollía no seu seo a calquera veraneante que se achegase a ela, e ao que se lle brindaba unha amizade que moitos anos despois aínda remanece.

! é que, por moito tempo que tivese, non conseguiría explicalo axeitadamente: as mañás e as tardes no Club Fluvial onde acudíamos coas guitarras, cun balón ou cunhas raquetas de tenis, un club Fluvial no que, por suposto, non había eses inventos modernos chamados piscinas, que son us rectángulos de auga quente de cor azul, cunha chea de produtos químicos e que non teñen cantos no fondo. Existía a piscina natural máis fermosa do mundo: a que o río Cabe ía deseñando ao seu paso nos seus meandros, e que contaba con multitude de trampolis de alta competición (tantos coma árbores escalables) e cunha auga que, ademais de atoparse ceibe de toda contaminación, estaba sempre morníña.

Alí tiñan lugar tamén disputados partidos de fútbol ou de baloncesto, con nutrida participación de grandes e cativos, así como épicos partidos de tenis, que podíamos xogar mainamente despois de comer e con máis de trinta graos.



! ao serán os bares do Cardeal e arredores atopábanse cheos de xente degustando as celebradas tapas monfortinas, preferentemente regadas con viño da Ribeira Sacra, sen prexuízo dunha excelente merenda-cea no bar nº 6 da Compañía a base de saborosos bocadillos de chourizo de Pamplona (ou chourizo selecto se o presuposto o permitía) e que finalizaba cunha excelente queimada feita con augardente da nosa terra.

Das noites do mes de agosto o único que sabíamos con certeza era cando comezaban: algunhas, inmediatamente despois de cear, nun barco da prazuela do Piñeiro, onde, acompañados das nosas guitarras, os amigos do barrio xantabámonos a entoar as pezas musicais de éxito do momento, amenizando ata a media noite aos veciños, sen que conste que se nos tivese chamado a atención en ningunha ocasión.

Lembro tamén uns anos nos que esas noites principiaban coa participación nun programa en "Radio Monforte", "A Voz sindical de Lugo", que se chamaba "Tertulia as 23", na que, baixo a dirección do amigo xornalista Pedro de Frutos, desenvolvíase unha hora de tertulia comentando a actualidade cultural e política



(dentro dunha orde, claro é, en función das circunstancias imperantes). ¡Todo un precedente das modernas tertulias radiofónicas!

! as horas subseguintes proseguían disfrutando da noite monfortina, ata ben entrado o amencer, mentres faciamos "largos de Cardenal", unha especialidade deportiva tipicamente monfortina (polo que sei, non olímpica aínda).

Queridos monfortinos: ao chegar case ao final do meu pregón, son consciente de terme excedido dos marxes habituais destinados a unha alocución desta natureza, porque xa diciá Juan de Mairena "que compre ter coidado cos que se soben á tribuna porque poden perde-la dimensión da súa estatura"; e máxime cando esta non é excesiva, como é o meu caso. Pero permitideme que vos diga unha última cousa: cada vez estou máis convencido de que unha das claves da formación da personalidade reside no arraigo, e que unha das maiores desgracias do home é a de ser un desarraigado. ! os monfortinos témo-la inmensa fortuna de contar co noso arraigo. Ese que, ante os avatares da vida, nos permite aferrarnos ás nosas raíces e descubrir en cada recanto da nosa cidade os valores máis nobres da condición humana.



Esa é a razón pola que quen nos vimos na obriga de traballar fora de Monforte vivimos coa morriña, á que aludía ao comezo do meu pregón.

*'Morriña' é unha palabra galego-portuguesa que significa "tristeza e melancolía, especialmente a nostalxia da terra natal". E 'nostalxia', etimoloxicamente, encerra unha certa dose de sufrimento: en grego *nastos*, significa "regreso", e *algos* significa "sufrimento": por iso, segundo o dicionario, "nostalxia" equivale a "pena de verse ausente da patria ou dos deudos ou amigos".*

Expresouno mellor que ninguén o magnífico novelista Milan Kundera, cando escribe que a nostalxia do pasado é o sufrimento causado polo desexo incumprido de regresar. Na sociedade de hoxe vivimos sumidos nun inmenso olvido e non queremos sabelo. Pero aqueles que como Ulises podemos regresar cada ano á nosa Itaca natal podemos comprobar por qué en lugar da apaixonada exploración do descoñecido (ou sexa, a aventura) preferimos a apoteose do coñecido (isto é, o regreso).

Tal vez moitos de vos esteades pensando que a miña lembranza puido falsear algúns feitos. Acaso sexa así, mais comparto a idea de que o pasado manipulado polo recordo



é o único verdadeiro porque contén contornos precisos, mentres que o auténticamente acontecido non foi máis que unha inexpressiva sucesión de feitos sen deseño definido.

Na moderna sociedade postindustrial, rexida pola implacable tiranía das novas tecnoloxías, nunha sociedade cada vez máis deshumanizada e, sobre todo, nun momento coma o actual no que corren malos tempos prá tolerancia e prá convivencia comunitaria pacífica, convén reivindicar a condición de monfortino, xa que esa condición atesoura tódolos valores dunha sociedade realmente plural e "aberta" no senso máis lato que nos expón o filósofo Karl Popper, ou sexa, o contraposto ás sociedades pechadas e autoritarias.

Dende logo, pola miña propia experiencia podo afirmar que a historia que eu teño vivido en Monforte é historia convertida en lección de convivencia.

! é que convén deixar claro que os criterios que outorgan a condición de monfortino non están apoiados en ancestrais requisitos excluintes, senón que son variados e asociados aos dereitos humanos: é monfortino o que é fillo de monfortinos ou o que naceu en Monforte; como tamén o é o que fixo o bacharelato en Monforte; éo así mesmo o que vive e traballa aquí; mais éo, en fin, todo aquel que, tendo estado



vencellado a Monforte pola razón que fose ao longo da súa vida, volva á nosa cidade durante as festas de agosto. Hai pouco confesábame o noso gran escritor Manuel Rivas, quen viviu a súa etapa de estudante madrileño rodeado de monfortinos, que por ese motivo él tamén tiña xa unha parte de "monfortino". É que, como escribiu o poeta, "non se é dun lugar porque nel se nacera, senón porque nel quedou prendida a mirada".

Queridos monfortinos, naturais ou de adopción, agora si cheguei ao remate do pregón e sinxelamente quixera que, por riba de todo, (das vosas ideas, das vosas simpatías) invocásedes a vosa condición de monfortinos, pra que algún día (onde queira que vos atopedes) se nos preguntan, como se interrogaba aquel imborrable personaxe da película "Casablanca": "¿Ao final qué é o que queda de nos"?, poidamos responder.: pois ao final "sempre nos quedará ... Monforte".

Certamente foi unha grande honra ler este pregón. Felices festas.